

Muros, Padrón, Rianxo e A Pobra tiveron campos de concentración

Empresas sen actividade foron usadas para recluír os republicanos

Xesús Costa \ Xesús Santos

Galiza, na Guerra Civil, non só foi *despensa e criadeiro* dos alzados contra a II República senón tamén campo de concentración de prisioneiros republicanos. A xeito de resumo, tomando como fonte fundamental a Javier Rodrigo, creáronse no noso país uns dezaioito campos e catro prisións centrais. Cronoloxicamente, a súa apertura e clausura estableceuse así:

Campos de Concentración: Muros (dous), 1937-1938; Ribadeo, 1937-1938; Camposancos, Cedeira, Ferrol (dous), Santa María de Oia, Rianxo, 1937-1939; Padrón, de 1937 a 1940; Betanzos, A Coruña (dous); A Pobra (¿dous?), 1939-1939; Lavacolla (Santiago), 1939-1940; Leiro (Ourense), 1940-1940?

Prisións Centrais: San Simón, 1936-1943; Celanova, 1937-38 ó 1943; Figueirido, 1937-38 ó 1944; Santa Isabel (Santiago), 1940-1940?

Os sublevados, con moi pouco investimento, buscarán instalacións amplas, sen actividade económica neses anos, que permitisen, con escaso custo, encerrar a moitos prisioneiros.

E as zonas de Muros, Padrón, A Pobra e Rianxo dispuñan de esas condicións, especialmente no referente a edificios de espazosas naves (fábricas de salga en paro de Muros, A Pobra e Rianxo, e na inactiva factoría azucreira de Iria-Padrón), a súa situación nas ribeiras de Arousa (arribada de grandes transportes marítimos), xunto coa estación de tren de Padrón para a chegada de prisioneiros.

Industrias en paro

Xa dende xaneiro de 1937, o enxeñeiro-xefe da Comisión de Industria e Abastos da Delegación Provincial de A Coruña, envía ao alcalde de Muros un escrito solicitándolle a relación de industrias ou fábricas en paro. As autoridades coñecían, pois, a existencia de instalacións capaces de seren utilizadas como campos de concentración de prisioneiros republicanos. Así, os dous campos de Muros estableceríanse na conserveira de Anido, dos Romaní, e no Cabo da Vila, na de Vieta.

A Muros arriba, no vapor *Llodio*, o 6 de novembro de



As prisións que habilitaron os sublevados nas fábricas chegaron prisioneiros de toda España

1937, a primeira expedición de prisioneiros asturianos. Estes campos serán cerrados, moi probablemente, en febreiro de 1938.

O vapor *Alfonso Senra* fondea na enseada de Rianxo, fronte a Portomouro, o 14 de novembro de 1937, cuns 1.047 prisioneiros da fronte de Asturias, a primeira expedición chegada ao campo. Algúns dos máis enfermos e vellos morreron ao desembarcare. Os prisioneiros serán encarcerados na conserveira da familia Goday. O campo clausurárase en novembro de 1939. Por el chegaron a pasar uns tres mil homes.

Padrón, centro fundamental de comunicacións, aprovisionamento e de forzas represoras na zona Barbanza-Muros, dispuña en Iria da azucreira instalada a comezos do século XX. Dende Padrón e do seu partido xudicial, polo camiño de ferro, saíu grande cantida-

de de alimentos e roupa, lámpadas da fábrica de Iria S.A., chatarra... para o exército franquista. Un exemplo: os veciños de Calo, concello de Teo, en febreiro de 1937, doan unha tonelada en patacas e fabas ao Glorioso Ejército Nacional.

Sen actividade fabril, os seus pavilións, dende finais de 1937, reciben prisioneiros de guerra republicanos que, logo duns días, van ao campo de Vieta (Muros) e ao de Rianxo. En febreiro de 1939, chegan a Iria preto de mil prisioneiros da fronte de Cataluña. Pechárase a primeiros de marzo de 1940.

Fábricas

En A Pobra, con toda certeza, desde os comezos de 1939, estableceuse un campo no lugar de O Pozo, na fábrica de conservas da familia Montenegro. E aquí, tamén da fronte de Cataluña, haberá uns mil homes recluídos.

Unha información que a alcaldía de A Pobra envía ao xefe da oficina do Servicio Nacional de Turismo de A Coruña, en marzo de 1939, fainos pensar na existencia doutro campo na zona do Areal. Porén, a meirande parte das testemuñas orais non lembran máis có do Pozo. Fechou a últimos de 1939.

As xentes veciñas dos campos axudaron aos prisioneiros sempre que llelo permitiron, con comida, lavado de roupa chea de piollos, como madrinas de guerra... E estes prisioneiros, que padecían fame, frío, trato duro ou moi duro, sempre recoñeceron este comportamento humanitario dos veciños.

Oficialmente faleceron, entre os cinco-seis campos, 28 homes, por causas derivadas, singularmente, do frío e do tifo. Non obstante, sabemos doutros falecidos non inscritos.

XIMENA CAPILLA | Esteticista

1. O SEU MELLOR MOMENTO PARA A LECTURA

Calquera momento, sen lectora compulsiva.

2. CRITERIOS QUE SEGUE PARA A ESCOLLA DUN LIBRO

Reseñas e comentarios.

3. ¿QUE LLE APORTA A LECTURA?

Entretenimento e aprendizaxe.

4. OS SEUS LIBROS FAVORITOS

Mujeres que corren con los lobos e *Do sufrimento á paz*.

5. UN XÉNERO LITERARIO

Memorias, biografías e narrativa.

6. UN PERSONAXE E UN ESPAZO LITERARIO

Florentino Ariza en *Amor en los tiempos del cólera*.

7. ¿QUE ESTÁ A LER AGORA?

Personajes a fondo, de Joaquín Soler Serrano.

8. UN AUTOR GALEGO E OUTRO NOUTRA LINGUA

Valle Inclán e Paul Auster.

9. ¿QUE ACTIVIDADE, AMAIS DA LECTURA, OCUPAN O SEU LECER?

Camiñar e as plantas do meu xardín.

10. UNHA PAISAXE NO BARBANZA DIGNA DE LIBRO

A praia do Touro.



ANTONIO LORENZO SÁNCHEZ

Un tradutor de Ribeira

Pastor Rodríguez

Figura moi esquecida da cultura galega é Antonio Lorenzo, nado en Ribeira en 1920, e que estivo moi vinculado ao Centro Galego de Barcelona, pois dirixiu o órgano de prensa desta colectividade, a revista *Alborada*, nos anos 50, na que publicou, co pseudónimo Amaro Chaín unha versión ao galego dos capítulos I e IV do *Cantar dos Cantares*, co título *Dous analeitos da versión galega de A Cantiga das Cantigas*, tradución que fixo a partir do latín e que nun caso é unha paráfrase: «Chegara de cantiga/ no mareiro ventío da alborada./ Meus sen-



nos sin fadiga/ outas torres de briga/ estívanlle á esperta en debruzada». Logo refaría esta versión de 1952, a partir do hebreo, coa axuda de José María Fórneas.

Non foi a tradución a súa única preocupación pola cultura galega, pois en 1956 publicou con Ramón Cabanillas o libreto *Macías o namorado*, que levou música do mestre Maiztegui.

En 1951 gañou un premio no Centro Galego de Madrid co ensaio *La lengua gallega de Curros*, poeta de quen apreciaba a poesía costumista, pero do que rexeitaba a poesía cívica e progresista.

Zoónimos e fitónimos de Ribeira

Isabel Santos Davila

En todos os concellos abundan os topónimos que aluden a animais e a vexetais. Percorramos Ribeira por terra ou mar: baleas, falcóns, lobos, centolas, ratos, coellos e teixucos son animais que dan nome a Balieiros, Falcoeiro, Lobeiras, illa Centoleiros, illa dos Ratos, Coenlleira, Teixoeira... O teixugo ou porco teixo, tópico de fealdade e de testalán, non podemos confundilo co teixo, árbore que dá orixe a Teixido e Teixeiro (de *taxa-*

rium). Os vexetais oliveira, carballo, codeso e castiñeiro son a orixe de Oliveira, Carballal, Cudieiros e Castiñeiras. A referencia destacada é a da castaña, do latín *castanea*. Foron os romanos os que estenderon o cultivo no seu afán de mellorar o rendemento dos escravos e do gando, xa que as landras dos castrexos non eran consideradas tan nutritivas. A importancia da castaña foi tal, que as primeiras patacas foron chamadas «castañas das Indias» ou «mariñas».